

Asunto: INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE INGRESOS

Orzamento: ANO 2022

De conformidade co artigo 168 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, detállanse, a continuación, as bases de cálculo utilizadas para determinar as previsións de ingresos para o exercicio 2022:

Réxime xurídico de aplicación

Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, (TRLRFL).

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, (LOEOSF).

Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC 2010).

Regulamento (CE) nº 1466/97 do Consello de 7 de xullo de 1997, relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas, coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro, do Parlamento e do Consello.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, (LRBRL), coas modificacións da Lei 27/2013, (LRSAL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o título sexto da LRFL, (RP).

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais coa modificación operada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

Bases de Execución do Orzamento.

Acordo adoptado pola Comisión Europea de suspensión do Pacto de Estabilidade e Crecemento quedando suspendida a consolidación fiscal e activación da cláusula de escape, tamén para 2022.

Acordo do Consello de Ministros o 27 de xullo de 2021 no que se estima para 2022 unha taxa de referencia de deficit do 5% do PIB. Estímase o deficit da Administración Central nun 3,99% os das CCAA nun 0,6% e o da Seguridade Social nun 0,5%.

As Entidades Locais manterán a súa taxa de referencia en equilibrio, debendo estar neste equilibrio tanto a formación do orzamento de 2022 como a súa liquidación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/11/2021 08:38	Páxina 1 de 7
72/142	CSV: A6A6A2-A5D1B5-DFC9A4-WNPBUD-9TCECD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

I.- BASES DE CÁLCULO

Para a determinación das previsións de ingresos, utilizáronse as seguintes informacións:

- 1.- Os dereitos recoñecidos e liquidados no exercicio de 2020 e a recadación de cada un dos conceptos.
- 2.- A execución de ingresos durante o presente exercicio 2021.
- 3.- A repercusión na estimación de ingresos para o ano 2022 derivada do acordo plenario de 29 de setembro de 2021.
- 4.- Ingresos extraordinarios que, previsiblemente, se obterán por procedementos de regularización tributaria: tanto polas actuacións do Servizo de Inspección de Tributos no marco do Plan de Control tributario de 2022 como polas actuacións de comprobación abreviada que realizará o Servizo de Xestión Tributaria.
- 5.- Datos relativos a alteracións catastrais obtidas na xestión do Servizo Municipal de Xestión Catastral Delegada.
- 6.- Estimación dos importes das transferencias do Estado por cesións de tributos correspondentes ao IRPF, IVE, II.EE e fondo complementario de financiamento (FCF) segundo os datos facilitados polo Ministerio de Economía e Facenda. Previsión do importe da Participación de Ingresos da Comunidade Autónoma (PICA).
- 7.- As Subvencións de capital de outros axentes financiadores que xuntamente coa Entidade Local, cofinancian proxectos de infraestruturas.
- 8.- As previsións de ingresos foron realizadas con criterio de prudencia, tendo en conta a actual conxuntura económica pois as Ordenanzas Fiscais non actualizaron tipos nin bases impositivos en impostos, taxas nin prezos públicos.
- 9.- As variacións na cesión de tributos do Estado (IRPF; IVE e IIEE) segundo o proxecto de orzamentos xerais do Estado para 2022 prevé un incremento nas entregas a conta do 11%. A variación no Fondo Complementario de Financiamento acada un 13%. Para o conxunto dos Concello dos artigos 11 e 135 do TRLRFL increméntase o FCF en 927 millóns, e a cesión de tributos en 229 millóns.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/11/2021 08:38	Páxina 2 de 7
72/142	CSV: A6A6A2-A5D1B5-DFC9A4-WNPBUD-9TCECD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

II.- ANÁLISE DOS DISTINTOS CAPÍTULOS

A análise faise tendo en conta cada un dos conceptos, avaliando en cada caso as causas que orixinan a variación, aínda que as mesmas, son de tipo tendencial. Os recursos das facendas locais, ao igual que o resto do sector público, son moi sensibles ás conxunturas económicas.

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE INGRESOS

Capítulo	Descrición	Importe
Operacións Correntes		
I	IMPOSTOS DIRECTOS	113.120.306,00 €
II	IMPOSTOS INDIRECTOS	10.362.766,18 €
III	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	41.593.957,85 €
IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	93.459.998,57 €
V	INGRESOS PATRIMONIAIS	2.785.059,76 €
Total ingresos por operacións Correntes		261.322.088,36 €
Operacións de Capital		
VI	ENAJENACIÓN DE INVERSIÓN REAIS	0,00 €
VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	23.648.167,82 €
Total ingresos por operacións de capital		23.648.167,82 €
Operacións financeiras		
VIII	ACTIVOS FINANCEIROS	532.000,00 €
Total ingresos por operacións financeiras		532.000,00 €
TOTAL INGRESOS		285.502.256,18 €



ORZAMENTO COMPARATIVO DO ESTADO DE INGRESOS ANO 2021-2022 ATENDENDO A NATUREZA ECONÓMICA

Capítulo		Importe 2021	2022	+/- vari.%
1	Impostos directos	113.666.541,40 €	113.120.306,00 €	0,48%
2	Impostos indirectos	8.975.743,44 €	10.362.766,18 €	15,45%
3	Taxas, prezos Públicos e outros ingresos	42.092.099,68 €	41.593.957,85 €	-1,18%
4	Transferencias correntes	85.000.894,27 €	93.459.998,57 €	9,95%
5	Ingresos patrimoniais	2.812.396,00 €	2.785.059,76 €	-0,97%
6	Enajenación de inversións reais	0,00 €	0,00 €	0,00%
7	Transferencias de capital	10.931.362,21 €	23.648.167,82 €	116,33%
8	Activos financeiros	532.000,00 €	532.000,00 €	0,00%
TOTAL INGRESOS		264.011.037,00 €	285.502.256,18 €	8,14%

Do importe total do orzamento de ingresos (285.502.256,18 €) corresponden a operacións correntes 261.322.088,36€ (capítulos I a V) e a operacións de capital, 24.180.167,82 €.

CAPITULO I.- IMPOSTOS DIRECTOS

Importa este capítulo 113.120.306,00 € e representa un 39,62 % do total do orzamento.

O importe das previsións deste capítulo para o exercicio do 2022 decrece nun 0,48 % respecto das previsións aprobadas no orzamento de ingresos de 2021.

A previsión do importe da cesión do IRPF regulada no artigo 112 do Texto Refundido da LRFFLL ascende a 7.073.306,00 millóns de euros, supoñendo un 6,25 % do total da imposición directa do Concello (Capítulo I). Supón un 2,48% do total do orzamento e un 2,71% das operacións correntes. Aumenta un 14,26% respecto da previsión do exercicio 2021. Esta partida, xunto coas restantes cesións de tributos do Estado así como a correspondente partida do Fondo complementario de Financiación do Estado constitúen a chamada participación nos Ingresos do Estado (PIE).

As previsións do Imposto sobre Bens Inmóbles de natureza urbana para o ano 2022 ascenden a 68.665.000,00 euros, as previsións do Imposto sobre Bens Inmóbles de características especiais (BICES), a 2.500.000 euros e as do Imposto sobre Bens Inmóbles de Natureza Rústica, a 50.000 euros.

As previsións destas tres partidas, contempladas no seu conxunto, supoñen un 24,94% do total do orzamento e un 27,25 % das operacións correntes. Os seus importes son case idénticos aos previstos para 2021 presentando unha pequena variación alcista nos de IBI de natureza urbana e BICES por motivo de incorporación de novas unidades catastrais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/11/2021 08:38	Páxina 4 de 7
72/142	CSV: A6A6A2-A5D1B5-DFC9A4-WNPBUD-9TCECD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



As previsións do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica para o ano 2022 ascenden a 14.900.000,00 euros e representan un 5,22% do total do orzamento e un 5,70% das operacións correntes. Prodúcese unha baixa dun 0,77% con motivo de redución de potencia fiscal nos vehículos de nova adquisición e incremento de bonificacións por motivos medio ambientais.

As previsións do Imposto sobre Incremento de Valor dos Terreos de Natureza urbana para o ano 2022 ascenden a 7.400.000 euros representando un 2,59% do total do orzamento e un 2,83% das operacións correntes. Mantense idéntica previsión que no exercicio 2021.

As previsións do Imposto sobre Actividades Económicas para o ano 2022 ascenden a 12.530.000,00 euros e representan un 4,39% do total do orzamento e un 4,79% das operacións correntes. A previsión baixa respecto do exercicio 2021 nun 9,86 %, dado que a cifra de negocios sobre a que se calculará o Imposto do exercicio 2022 é a que corresponde ao exercicio 2020 con actividade económica reducida por motivo da pandemia COVID-19.

CAPITULO II.- IMPOSTOS INDIRECTOS

Importa este capítulo 10.362.766,18 e representa un 3,63% do total do orzamento e un 3,97 % do total de operacións correntes.

O importe das previsións deste capítulo para o exercicio do 2022 supón un incremento do 15,45% respecto das previsións aprobadas no orzamento de ingresos de 2021.

A previsión do importe da cesión do IVE regulada no artigo 112 do Texto refundido da LRFL ascende a 6.111.888,85 euros. Supón un 2,14 % do total do orzamento e un 2,34% das operacións correntes. Aumenta un 14,02% respecto da previsión do exercicio 2021 . Esta partida, xunto coas restantes cesións de tributos do Estado así como a correspondente partida do Fondo complementario de Financiación do Estado constitúen a chamada Participación nos Ingresos do Estado (PIE).

A previsión do importe da cesión de Impostos sobre consumos específicos regulada no artigo 112 do Texto refundido da LRFL ascende a 1.749.877,33 euros. Supón un 0,61% do total do orzamento e un 0,67% das operacións correntes. Aumenta un 8,38% respecto da previsión do exercicio 2021. Esta partida, xunto coas restantes cesións de tributos do Estado así como a correspondente partida do Fondo Complementario de Financiación do Estado constitúen a chamada Participación nos Ingresos do Estado (PIE).

A previsión do Imposto sobre Construción Instalacións e Obras para o ano 2022 ascende a 2.500.000 euros e representan un 0,88% do total do orzamento e un 0,96% das operacións correntes. Incrementábase nun 25,00% respecto ao exercicio 2021. Establécese esta previsión tendo en conta que a 30 de setembro de 2021 existe unha liquidación por este tributo por importe de 2.500.000 €. Aínda que en 2022 minoraríase a liquidación por motivo da exención aprobada en Pleno de 29 de setembro de 2021 para obras realizadas en vivendas de persoas de vulnerabilidade económica en contía de 140.000 €, habería que ter en conta, en sentido contrario, que a liquidación do presente ano 2021 esta véndose reducida nun 20% por dunha bonificación extraordinaria con motivo da situación económica xerada pola pandemia COVID-19. (-500.000 €).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/11/2021 08:38	Páxina 5 de 7
72/142	CSV: A6A6A2-A5D1B5-DFC9A4-WNPBUD-9TCECD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CAPITULO III.- TAXAS E OUTROS INGRESOS

Importa este capítulo 41.593.957,85 € e representa un 14,57% do total do orzamento e un 15,92 % do total de operacións correntes.

O importe das previsións deste capítulo para o exercicio do 2022 decrece nun 1,18% respecto das previsións aprobadas no orzamento de ingresos de 2021.

As previsións da Taxa de recollida do Lixo, comercial e vivendas para o ano 2022 ascenden a 5.250.000 € na partida 30200 de lixo comercial e 12.100.000 € na partida 30201 de lixo vivendas. A cifra conxunta de 17.350.000 € representa un 6,08% do total do orzamento e un 6,64% das operacións correntes. As previsións para 2022 nestas dúas partidas son idénticas as de 2021.

Neste capítulo son relevantes pola súa contía os aproveitamentos especiais da vía pública, maioritariamente no subsolo, realizados por empresas explotadoras de servizos de interese xeral que tributan ao concello o 1,5% dos ingresos brutos obtidos polas mesmas no municipio: estímase no importe de 3.200.100 € os ingresos das empresas de electricidade, gas, auga e outros así como en 1.751.000 € os ingresos procedentes das empresas de telecomunicacións. As previsións para 2022 por estes conceptos minóranse nun 4,19% por estar sobreestimadas as previsións realizadas no orzamento de 2021.

Inclúense as partidas correspondentes a Xerencia de Urbanismo números 32100, 32101, 32200, 32500. Manteñen as dúas últimas idéntico importe que no orzamento do exercicio 2021.

As partidas 32100 de Taxas de Licenza de Obras e 32101 de Taxas de Licenzas de Actividades conteñen previsións por importe da recadación neta existente á 30 de setembro de 2021.

CAPITULO IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES

Importa este capítulo 93.459.998,57 € e representa un 32,74 % do total do orzamento e un 35,76% do total de operacións correntes.

O importe das previsións deste capítulo para o exercicio 2022 supón un incremento do 9,95 % respecto das previsións aprobadas no orzamento de ingresos de 2021.

A previsión da Participación no Fondo complementario de Financiación do Estado para o ano 2022 ascende a 77.649.842,35 € e representa un 27,20% do total do orzamento e un 29,71 % das operacións correntes. Aumenta un 12,32% respecto da previsión do exercicio 2021. Esta partida xunto coas reseñadas anteriormente como Cesión de Tributos do Estado constitúen a chamada participación nos Ingresos do Estado (PIE).

Ingresos da Comunidade Autónoma (PICA) ascende a 6.199.366,56 €. Supón un 2,17% do orzamento total e un 2,37% das operacións correntes.

A partida 45002 Plan Concertado recolle a subvención para o Servizo da Axuda no Fogar que se incrementa nun 11,31% respecto do ano 2021 por incrementarse as horas de prestacións aprobadas pola Xunta de Galicia ata un total de 429.626 horas (o cofinanciamento ascende a 9,7€/hora dun custe total de 16,69€/hora).



CAPITULO V.- INGRESOS PATRIMONIAIS.

Importa este capítulo 2.785.059,76 €, diminúe un 0,94% respecto ao orzamento de 2021.

Representa un 0,98% do total do orzamento e un 1,07 % do total de operacións correntes.

CAPITULO VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL.

Figura unha previsión de Ingresos neste capítulo para o ano 2022 de 23.648.167,821€, supoñendo un aumento do 116,33 % respecto do exercicio 2021.

As contías reflectidas en relación con este financiamento finalista, figuran nos artigos 72, 75, 76 e 79.

A contía anual está en función das achegas doutros axentes públicos para cofinanciamento de infraestruturas. Neste caso, este capítulo reflicte o cofinanciamento da Administración Xeral do Estado nos proxectos de acceso peonil Serafín Avendaño-Vía Norte-FRTR, obras paseo marítimo de Bouzas, integración urbana Vía Verde FRTR, segunda fase Gran Vía, Venezuela, Nicaragua FRTR e outros por importe de 17.700.000 €.

O cofinanciamento da Deputación de Pontevedra ascende a 7.280.752,48 € en diferentes proxectos nos que destacan anualidade Convenio Balaídos, cofinanciamento Dunas Samil primeira fase e cofinanciamento Vigo Vertical Camelias-Hispanidade-Romil.

Nos subconceptos 79150 a 79164 figuran unha serie de proxectos con financiamento europeo (DUSI) por unha contía total para o concepto 791 do Fondo de desenvolvemento rexional de 667.415,34 €.

O importe das transferencias de capital no orzamento de 2022 supón un 8,28 % do total do orzamento.

CAPITULO VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS.

Importa este capítulo 532.000 € e representa un 0,19% do total do orzamento e un 100% do total de operacións financeiras.

Vigo, outubro de 2021

Asinan dixitalmente, A Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada e O Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda

